



GUÍA PRÁCTICA PARA ELABORACIÓN DE XABÓNS



XABÓNS NATURALS



ÍNDICE

1 - FABRICACIÓN DO XABÓN.....	3
2 - XABÓN DE CASTILLA.....	4
3 - XABÓN DE CALÉNDULA PARA PELES SENSIBLES.....	6
4 - XABÓN DE ROSA MOSQUETA.....	8






FABRICACIÓN DO XABÓN:


FUNDAMENTO TEÓRICO:

O xabón é unha reacción química natural entre un álcali e un ácido graxo. Ao mesturar un álcali, como pode ser a coñecida sosa cáustica, cunha graxa ou cun aceite, reaccionan segundo a reacción de **SAPONIFICACIÓN**, e fórmase xabón máis glicerina.



Unha das grandes vantaxes da elaboración artesanal de xabón é que deixamos a glicerina incorporada nel e isto achégalle hidratación ao xabón. A maioría dos xabóns elaborados industrialmente separan o xabón da glicerina para obter un dobre beneficio. Eses xabóns resecarán moito máis a pel que os feitos por nós se incorporan a glicerina.

Os xabóns elaborados a partir de aceite, cun tempo apropiado de “repouso”, son aptos para calqueira uso. A fragancia que se lles engade é á súa vez provinte de aceites esenciais naturais, brindándolles un aroma moi agradable.



XABÓN DE CASTILLA

OBXETIVO:

Facer un xabón artesanal do xeito máis sinxelo empregando aceite de oliva usado. É un xabón apto para a limpeza da roupa e o mellor truco para quitar manchas irresistibles; frotando a mancha co xabón e deixándoo a clarexo uns 30 min (ao sol).

INTRODUCCIÓN:

O aceite vexetal usado (AVU) é vertido moitas veces ó sumideiro. Se chega ó océano crea unha capa que queda porriba da auga. Isto non permite a correcta osixenación da flora e fauna mariña. É así, que por cada litro de aceite, 1000 litros de auga é contaminada. Ademáis diso obstrúe os sumideiros e fai que sexa máis custoso o tratamento das augas.

MATERIAL E REACTIVOS:

REACTIVOS	MATERIAIS
<i>Aceite de oliva usado</i>	<i>Vaso de precipitados 2 L</i>
<i>Sosa cáustica ó 99 %</i>	<i>Varilla de vidro</i>
<i>Auga destilada</i>	<i>Batedora ou vara de madeira</i>
	<i>Molde silicona ou plástico</i>



PRECAUCIÓNS:

Non esquecer poñer luvas, máscaras e gafas, sobre todo durante a mestura da sosa e a auga e na adición desta mestura ao aceite.

É recomendable usar a campá.

Se se emprega batedora, é importante logo do seu uso botarlle vinagre para neutralizar e logo lavar con auga e xabón.

PROCEDEMENTO EXPERIMENTAL: (3 XABÓNS)

- 1. Verter 80 mL de auga destilada no vaso de precipitados.**
- 2. Engadir, con MOITO COIDADADO, 33g de sosa cáustica á auga remexendo continuamente ata que se disolva por completo (mestura transparente). Remexer de forma lenta e precavida co utensilio escollido. Isto xerará unha reacción exotérmica que desprenderá calor e elevará a temperatura da mestura. Neste punto, o coidado ten que ser máximo.**
- 3. Pasados uns 5 minutos, a mestura de auga e sosa arrefriou. É entón cando se engade pouco a pouco os 260 mL de aceite usado e un aceite esencial se se observa un olor desagradable. Sen deixar de remover no mesmo sentido e intentando non provocar salpicaduras. NOTA: É importante filtrar o aceite reciclado previamente co coador.**
- 4. Reméxese durante 1 hora ata que a mestura tome consistencia de puré de patacas. Anque pareza que quedan grumos cando se seque van desaparecer e o xabón quedará uniforme.**
- 5. Por último vértese o contido do vaso nun/s molde/s ou bandexa. Chegados ata este punto, hai que esperar uns días (5días) para desmoldar. Logo hai que deixalo secar durante 30 días antes de comezar a usalo para que o proceso de curado sexa satisfactorio. Deixalo madurar nun lugar seco e ventilado. (Ata que o seu pH sexa menor que 10.)**



XABÓN DE CALÉNDULA PARA PELES SENSIBLES

OBXETIVO:

Elaborar xabón cosmético de excepcional calidade, moi hidratante, apto para peles sensibles.

INTRODUCCIÓN:

A combinación de ingredientes naturais neste xabón engádelle propiedades antiinflamatorias, antisépticas, antioxidantes e calmantes, que resultan moi útiles nas peles sensibles e tamén para o seu uso tras da exposición ó sol. Ademáis é moi hidratante, desinfectante, astringente e axuda a equilibrar o pH normal da pel.

MATERIAL E REACTIVOS:

REACTIVOS	MATERIAIS
Aceite de oliva	Vaso de precipitados 2 L
Sosa cáustica ó 99 %	Varilla de vidro
Auga destilada	Batedora ou vara de madeira
Aceite de caléndula	Molde silicona ou plástico
Aceite de coco	
Aceite de améndoas	



PRECAUCIÓNS:

Non esquecer poñer luvas, máscaras e gafas, sobre todo durante a mestura da sosa e a auga e na adición desta mestura ao aceite. É recomendable usar a campá. Se se emprega batedora, é importante logo do seu uso botarlle vinagre para neutralizar e logo lavar con auga e xabón.

PROCEDEMENTO EXPERIMENTAL: (4 Xabóns)

- 1. Verter 91,3 mL de auga destilada no vaso de precipitados, logo engádese con MOITO COIDADADO, 35,7g de sosa cáustica á auga remexendo continuamente ata que se disolva por completo (mestura transparente). Remexer de forma lenta e precavida co utensilio escollido. Neste punto, o coidado ten que ser máximo.**
- 2. Pasados uns 5 minutos, a mestura de auga e sosa arrefriou. É entón cando se engade pouco a pouco os 200ml de aceite de oliva, 10 ml de aceite de caléndula, 41,3g de aceite de coco e 18,3 ml de aceite de améndoas. Todo isto, sen deixar de remover no mesmo sentido e intentando non provocar salpicaduras.**
- 3. Reméxese durante 1 hora ata que a mestura tome consistencia de puré de patacas.**
- 4. Por último vértese o contido do vaso nun/s molde/s ou bandexa. Chegados ata este punto, hai que esperar un día para desmoldar. Logo hai que deixalo secar durante 30 días antes de comezar a usalo. Deixalo madurar nun lugar seco e ventilado. (Ata que o seu pH sexa menor que 10.)**



XABÓN DE ROSA MOSQUETA

OBXETIVO:

Elaborar un xabón cosmético de excepcional calidade, moi hidratante y recomendable para limpeza facial.

INTRODUCCIÓN:

Os xabóns elaborados de aceite de rosa mosqueta contén vitamina A, B, D e E, e é moi hidratante. A vitamina A axuda a atenuar os efectos do envellecemento cutáneo. O aceite de rosa mosqueta é ideal para rexuvenecer a pel e nutrila en profundidade. É un potente antioxidante natural e contén múltiples propiedades para previr os signos visibles da idade, axuda a recuperar a firmeza da pel.

Ademáis, é moi recomendable para tratar e atenuar tamén cicatrices, estrías e outras imperfeccións da pel.

MATERIAL E REACTIVOS:

REACTIVOS	MATERIAIS
Aceite de oliva	Vaso de precipitados 2 L
Sosa cáustica ó 99 %	Varilla de vidro
Auga destilada	Batedora ou vara de madeira
Aceite de coco	
Aceite de rosa mosqueta	Molde silicona ou plástico



PRECAUCIÓNS:

Non esquecer poñer luvas, máscaras e gafas, sobre todo durante a mestura da sosa e a auga e na adición desta mestura ao aceite. É recomendable usar a campá. Se se emprega batedora, é importante logo do seu uso botarlle vinagre para neutralizar e logo lavar con auga e xabón.

PROCEDIMENTO EXPERIMENTAL: (4 Xabóns)

- 1. Verter 128 mL de auga destilada no vaso de precipitados.**
- 2. Engadir, con MOITO COIDADO, 52g de sosa cáustica á auga remexendo continuamente ata que se disolva por completo (mestura transparente). Remexer de forma lenta e precavida co utensilio escollido. Neste punto, o coidado ten que ser máximo.**
- 3. Pasados uns 5 minutos, a mestura de auga e sosa arrefriou. É entón cando se engade pouco a pouco os 300 mL de aceite de oliva, os 70g de aceite de coco é preciso que esté ben desfeito, senón haberá de desfacelo quentando a baño maría. Por último engádese os 20ml aceite de rosa mosqueta. Sen deixar de remover no mesmo sentido e intentando non provocar salpicaduras.**
- 4. Reméxese durante 1 hora ata que a mestura tome consistencia de puré de patacas. Anque pareza que quedan grumos cando se seque van desaparecer e o xabón quedará uniforme.**
- 5. Por último vértese o contido do vaso nun/s molde/s ou bandexa. Chegados ata este punto, hai que esperar uns días para desmoldar. Logo hai que deixalo secar durante 30 días antes de comezar a usalo para que o proceso de curado sexa satisfactorio. Deixalo madurar nun lugar seco e ventilado. (Ata que o seu pH sexa menor que 10.)**



*Esta guía está elaborada polos alumnos do C.M de
operacións de laboratorio para o departamento de
Química do CIFP Politécnico de Santiago.
(Curso 2023-2024)*

Grazas a todos / as polo
interese



XABÓNS NATURALS